

**CONVENIO DE COLABORACIÓN DE ACTUACIÓN CONXUNTA ENTRE A  
AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E  
A FUNDACIÓN GALICIA SUR PARA O DESENVOLVEMENTO DO  
SEGUNDO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO PRECOMERCIAL DOS  
RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE  
DE GALICIA (PRIS2)**


Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017.

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Jesús Vázquez Almuiña, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e do seu Presidente, nos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde respectivamente, e no Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra D. Félix Rubial Bernárdez, na súa condición de Presidente do Padroado da Fundación Biomédica Galicia Sur (en adiante, Fundación Galicia Sur ou a Fundación), con CIF G36911972 e sede no Hospital Álvaro Cunqueiro, Estrada Clara Blanco Amor, nº 341, Bloque Técnico Andar 2, 36312 Vigo (Pontevedra), actuando en representación da mesma.

As partes, con plena capacidade para convir no nome e representación das entidades indicadas e de conformidade coas atribucións dos seus respectivos cargos



## EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde incorporan como un dos elementos fundamentais da súa actividade a investigación e innovación biomédica.

II.- Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecen como unha das súas liñas estratéxicas a promoción da investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria, tales como hospitais, centros de saúde e unidades de xestión e administración, co fin de potenciar un modelo de investigación orientado cara á innovación, que configure ao sector sanitario e actúe como motor de crecemento económico.

Así, o artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece como un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia a promoción da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde, cun carácter translacional á práctica clínica.

III.- Que, en particular, é un elemento chave para a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde promover a valorización dos resultados da investigación, como elemento dinamizador económico de Galicia, mediante a promoción da transferencia de resultados, a creación de *spin-offs* biosanitarias, o desenvolvemento de patentes e demais accións emprendedoras, constituíndo un dos obxectivos da “Estratexia Servizo Galego de Saúde 2020”.

IV.- Que ACIS, creada polo Decreto 112/2015, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde e encadrada nas entidades públicas instrumentais reguladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ten entre os seus obxectivos estratéxicos a creación e desenvolvemento de mecanismos e instrumentos que faciliten a innovación mediante a consolidación de estruturas horizontais de apoio aos axentes involucrados na I+D+i sanitaria e a promoción da cooperación entre os sectores público e privado, de xeito que as actividades científicas xeren resultados de valor engadido que poidan ser transferidos ao sector produtivo e, por tanto, á sociedade no seu conxunto.

V.- Que a Fundación Galicia Sur é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a realización de actividades de promoción, prestación e xestión de recursos e servizos de docencia e investigación científica.

VI.- Que, en particular, a Fundación Galicia Sur ten a misión de impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico e a innovación no ámbito territorial coincidente co ámbito das Xerencias de Xestión Integrada de Vigo, de Pontevedra e o Salnés e de

Ourense, Verín e do Barco de Valdeorras.

VII.- Que o Segundo Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia (en adiante, Programa PRIS2) é un programa que pretende valorizar os resultados de investigación dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia, seguindo a filosofía da anterior edición, o Programa PRIS, iniciado en 2013 como un programa piloto, e que resultaría chave na creación de empresas de base tecnolóxica en Galicia e no establecemento de negociacións para acordos de licencias con outras entidades de gran tamaño.

VIII.- Que os proxectos seleccionados no marco do Programa PRIS2 para a etapa de desenvolvemento tecnolóxico e valorización serán canalizados a través das Fundacións de Investigación Biomédica encargadas da xestión na área integrada desde a que se solicite o proxecto, actuando así mesmo as Fundacións como interlocutoras e xestoras das propostas seleccionadas ao longo do desenvolvemento do programa.

IX.- Que o artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, prevé que os axentes e organismos públicos e as universidades, poidan subscribir convenios de colaboración entre si ou con axentes privados (nacionais, supranacionais ou estranxeiros) que realicen actividades de investigación científica e técnica, para a realización conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; ou uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

Nestes convenios incluíranse as achegas realizadas polos intervenientes, así como o réxime de distribución e protección dos dereitos e resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación. A transmisión dos dereitos sobre estes resultados realizarase cunha contraprestación que corresponda ao seu valor de mercado.

Por outra parte, a citada lei, no seu artigo 35, establece que, as Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a valorización, a protección e a transferencia do coñecemento co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade.

X.- Que a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, dedica o Capítulo V do Título II á ciencia e innovación. Nesta, o artigo 54 alude á titularidade e carácter patrimonial dos resultados da actividade investigadora e do dereito a solicitar os correspondentes títulos de propiedade industrial e intelectual para a súa protección, indicando que pertencerán ás entidades cuxos investigadores os obtivesen no exercicio das funcións que lles son propias.

XI.- Que, de conformidade co anterior, as partes asinantes están interesadas en

establecer mediante o presente Convenio os criterios e condicións en orde á xestión e valorización do coñecemento xerado no marco das actividades de investigación que realizan os centros de investigación e innovación sanitaria interesantes para o Sistema Público de Saúde de Galicia e da área da Fundación Galicia Sur para o desenvolvemento dos proxectos do seu ámbito seleccionados no ámbito do Programa PRIS2, de conformidade cos mecanismos e instrumentos establecidos na normativa aplicable.

Por todo iso, as partes comparecentes acordan subscribir o presente Convenio de colaboración de actuación conxunta de conformidade cos termos e condicións establecidas nas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente Convenio ten por obxecto a regulación das relacións de colaboración entre ACIS e a Fundación Galicia Sur, no desenvolvemento dos proxectos seleccionados no ámbito do Programa PRIS2, mediante as actividades descritas na cláusula seguinte, realizadas nos centros de investigación e innovación sanitaria vinculados ao Sistema Público de Saúde de Galicia e que son xestionadas pola Fundación Galicia Sur.

### **SEGUNDA.- ACTIVIDADES OBXECTO DO CONVENIO**

As actividades a realizar nos proxectos identificados no Programa PRIS2 son as seguintes:

#### **2.1 Proxecto 17**

A Fundación Galicia Sur encargárase da xestión do traballo orientado o desenvolvemento de bioreceptores para a detección específica de analitos para o diagnóstico cedo da esclerose múltiple mediante sensores baseados en nanopartículas metálicas mediante SERS.

A esclerose múltiple é unha enfermidade que afecta á xente nova, e cada ano prodúcese 2.300 novos casos. Lograr un diagnóstico cedo e poder tratar aos pacientes antes do primeiro brote implicaría unha redución das discapacidades na poboación nova enorme (a nivel social como económico).

A Espectroscopía Raman Incrementada en Superficie (SERS), logra límites de detección

cara abaixo ao réxime dunha soa molécula, son as ferramentas analíticas máis potentes ata a data para poder detectar biomarcadores en soro a moi baixas concentracións. Os aspectos clave da actividade potenciadora de nanoestructuras están relacionados co tamaño, a forma, a composición e a química da superficie das nanopartículas.

Dentro do marco do proxecto abordárase o desenvolvemento da nanoestructura para a detección de LRP1 soluble en líquido cefalorraquídeo (LCR) como potencial biomarcador da esclerose múltiple remitente recorrente (EMRR), segundo as seguintes etapas:

- Síntese de nanoesferas de SiO<sub>2</sub> de 500nm
- Síntese de nanoestrelas de ouro de 50nm
- Unión do linker (Aminotiofenol, ATP) á nanoestructura
- Detección do espectro por espectroscopía SERS (surface-enhanced Raman scattering).
- Biofuncionalización co anticorpo anti-LRP1. Este proceso realizarémolo con varios anticorpos que reaccionan con distintos clusters do receptor LRP1 para atopar a nanoestructura que teña mellores condicións óptimas para a detección en LCR.
  - LRP1 cluster 2 (R&D Systems: AF4824)
  - LRP1 cluster 3 (R&D Systems: AF2368)
  - LRP1 extracelular (Abcam: ab28320)

Tamén se desenvolverá a nanoestructura para a detección do ligando LRP2BP como potencial biomarcador da esclerose múltiple primaria progresiva (EMPP):

- Síntese de nanoesferas de SiO<sub>2</sub> de 500nm
- Síntese de nanoestrelas de ouro de 50nm
- Unión do linker (Aminotiofenol, ATP) á nanoestructura
- Detección do espectro por espectroscopía SERS.
- Biofuncionalización co anticorpo anti-LRP2BP. Este proceso realizarémolo con varios anticorpos para atopar a nanoestructura que teña mellores condicións óptimas para a detección en LCR.
- Anti-LRP2BP antibody (Abcam, ab59722)
- LRP2BP Antibody (ThermoFisher, PA5-49310)
- LRP2BP Antibody (Sigma Aldrich, SAB2106592-100UL)

## 2.2 Proxecto 32

A Fundación Galicia Sur encargárase da coordinación dun proxecto para avanzar na simulación de problemas de contacto entre a prótese valvular Edward Sapien e unha raíz aórtica nativa, derivada de imaxes de TAC.

A Substitución da válvula aórtica transcatóter (TAVI) é un tipo de procedemento novedoso que se realiza para reemplazar unha válvula aórtica enferma cunha nova válvula (prótese). A TAVI realízase por medio dun catéter.

A simulación numérica e en particular, análise de elementos finitos (FEM), son unha ferramenta innovadora para predicir o resultado dun tratamento cirúrxico concreto. As simulacións numéricas, poden servir para optimizar a elección da prótese, estudar para un paciente específico, diferentes configuracións posibles e obtendo tanto os valores de coaptación durante a fase de diástole, tanto os estados de estrés e a tensión.

O obxectivo do traballo é avanzar na posta a punto unha técnica de simulación numérica, resolvendo o problema de contacto entre a raíz aórtica nativa específica de paciente (derivada de imaxes de TAC) e o dispositivo (frame) que soporta a nova prótese valvular, para alcanzar unha maior comprensión dos diferentes mecanismos da produción da forza radial en dispositivos TAVI e con iso proporcionar unha axuda na selección do tipo de válvula adecuado para cada caso, baseado no comportamento do frame durante o crimpado e expansión mediante a simulación numérica en diferentes condicións anatómicas.

Para lograr este obxectivo desenvolverase o modelo tridimensional do dispositivo (frame) para o modelo Edwards Sapien (23, 26, 29mm). Desenvolvendo as características específicas do modelo (dimensións e elementos estruturais específicos) en base a un modelo xenérico previo.

Outra das tarefas a desenvolver será a posta a punto dunha ferramenta integral para a extracción 3D automática da válvula aórtica nativa con as seguintes funcións:

- Reconstrución 3D da superficie das válvulas nativas específicas de paciente, a partir de imaxes de tomografía computerizada (estudos de TAC coronarios). Exportación en formato de xeometría tridimensional (STL).
- Harmonización do modelo STL para o seu uso posterior.
- Conversión de superficie en volume (envolvente sanguínea do proceso previo de segmentación) que permite xerar un sólido coa raíz aórtica. Isto realizarase cunha ferramenta desenvolvida no grupo e baseada en técnicas de dilatación morfolóxica.

De obterse financiamento para o ano 2018, continuarase no desenvolvemento de

proxecto mediante a implementación da rutina de simulación do problema de contacto frame-raiz usando Comsol Multiphysics, nos tres diferentes etapas, crimpado, expansión e contacto. Seguidamente pasaríase a avaliación en casos reais da ferramenta desenvolvida, segundo un plan inicial de 10 pacientes que vaian someterse a TAVI.

### TERCEIRA.- COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLAS PARTES

Para o desenvolvemento das actividades descritas na cláusula anterior, a Fundación Galicia Sur comprométese a:

- Facerse cargo da xestión destinada á execución das actividades vinculadas aos grupos de investigación formados por persoal do Servizo Galego de Saúde e da Fundación Galicia Sur incluídos no presente Convenio e conforme ás cláusulas do mesmo.
- Facerse cargo do seguimento, avaliación e control das actividades vinculadas á execución do presente Convenio.
- Pór a disposición dos profesionais dos grupos de investigación vinculados ao Servizo Galego de Saúde e á Fundación Galicia Sur os equipos e servizos de apoio á investigación da súa titularidade para o desenvolvemento dos proxectos do presente Convenio.
- Facilitar a actividade dos profesionais vinculados ao Servizo Galego de Saúde e á Fundación Galicia Sur que traballan nos proxectos incluídos neste Convenio.
- Facerse cargo da comunicación e a publicidade asociadas aos presentes proxectos.

Pola súa parte, ACIS asume os seguintes compromisos:

- Facerse cargo do orzamento necesario para a execución das actividades vinculadas ao Convenio conforme ás cláusulas do mesmo.
- Pór a disposición dos profesionais vinculados aos proxectos espazos e equipos da súa titularidade para o seu desenvolvemento.
- Asumir a preparación necesaria para a contratación das actividades vinculadas a empresas e organizacións externas no presente Convenio.
- Participar na execución e coordinación dos proxectos a través dos facultativos e investigadores asociados a cada liña de investigación.
- Facilitar a actividade dos profesionais responsables dos proxectos.

O desenvolvemento destas actividades contribuirá á valorización dos resultados dos proxectos colaborativos, en mutuo beneficio das partes asinantes en función da súa participación na propiedade de ditos resultados en cada un dos proxectos.

#### **CUARTA.- COMPENSACIÓN ECONÓMICA E XUSTIFICACIÓN DE GASTOS REALIZADOS**

Os pagamentos a realizar por parte de ACIS terán carácter de compensación de custo, sen que en ningún caso exista ánimo de lucro. Para a realización do obxecto do presente convenio e das actividades que o integran, ACIS achegará un máximo de 70.000,00 € (35.000,00 € para o Proxecto 17 e 35.000,00 € para o Proxecto 32), con cargo á aplicación orzamentaria 2017-11A1-561C-640.10 Proxecto orzamentario 2016/00005 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2017, na que existe crédito axeitado e suficiente.

Os aboamentos realizaranse nun único pagamento por cada proxecto ao remate das actividades previstas no presente convenio contra a presentación por parte da Fundación Galicia Sur das memorias científicas detalladas acreditativas da realización das actividades, das memorias económicas abreviadas comprensivas do desagregado dos pagamentos e dos gastos en que incorrer a Fundación en execución dos proxectos desde o 1 de xaneiro de 2017 até a súa finalización, e dos documentos xustificativos pertinentes. Estes documentos xustificativos consistirán en documentación orixinal ou copias compulsadas das facturas ou documentos que teñan valor probatorio equivalente e en xustificantes de pagamento dos gastos realizados pola Fundación soportados mediante certificado bancario ou documento que teñan valor probatorio equivalente.

No caso concreto da xustificación de gastos de persoal presentarase a seguinte información para o persoal participante en cada un dos proxectos:

Investigador	Fase Proxecto	Período participación	Nº horas	Custo hora	Custo total

A Comisión de seguimento considerada na Cláusula Sétima do presente Convenio determinará e validará a realización dos pagamentos en sesión ordinaria logo da recepción da documentación requirida.

A Fundación Galicia Sur presta expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente Convenio a publicidade que establece o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

#### **QUINTA.- PERSOAL**

A subscrición do presente Convenio non suporá relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades que asume a Fundación Galicia Sur que constitúan o obxecto do mesmo e ACIS, de tal xeito que non se lles pode esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das mesmas.

#### **SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes acordan que toda a información e datos que unha parte entregue ou facilite á outra, de forma oral, escrita, gráfica e/ou electrónica para o desenvolvemento dos traballos obxecto deste Convenio, será confidencial e secreta, e non se divulgará a ningún terceiro sen o consentimento da outra parte.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e na demais normativa aplicable sobre a materia, o investigador que por razón da súa actividade teña acceso a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea ás partes información da que tivese coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida pola acción investigadora, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte ás entidades, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideren derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Tras a finalización ou resolución deste Convenio calquera das institucións asinantes poderá reclamar por escrito á/s outra/s a rápida devolución ou destrución de calquera información confidencial ou material entregados con anterioridade sen que poidan quedar copias da mesma, xa estean en forma escrita ou en calquera outra forma tanxible, agás unha copia escrita de daquela información que a institución receptora deba manter atendendo ao cumprimento de aspectos legais e unicamente a efectos de rexistro.

Para o non previsto expresamente nesta cláusula aplicaranse con carácter supletorio as normas contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e na demais normativa aplicable sobre a materia.

#### **SÉTIMA.- PROPIEDAD DOS RESULTADOS**

Cada parte manterá a titularidade dos coñecementos ou dereitos que lle pertencían con anterioridade á execución dos proxectos ou que fosen desenvolvidos no mesmo tempo

pero en actividades independentes deles.

As partes obrigaranse no prazo de tres meses dende a sinatura do Convenio a incorporar nun Anexo unha "Listaxe de resultados e propiedade de cada un dos proxectos", perfectamente identificada e descrita, onde se recolla o coñecemento innovador preexistente nese momento que achegan, garantindo a plena disposición sobre este, xa sexa a titularidade ou licenzas de uso.

Igualmente previrán o réxime interno de uso desta información para o desenvolvemento de cada proxecto. Así como identificarán o conxunto de tarefas que, aínda que relacionadas, están fóra do alcance destes proxectos e que sexan susceptibles de achegar un coñecemento futuro, ao obxecto de quedar ou non incluídas nos coñecementos de cada parte.

Cada parte será titular dos resultados que xere. Ambas as dúas partes serán cotitulares dos resultados especificamente identificados como "conxuntos" no citado Anexo de cada un dos proxectos (que irán identificando a medida que se desenvolvan os proxectos) por ser consecuencia de achegas da mesma orde de relevancia e procedentes de ambas as dúas partes. Para estes resultados en réxime de cotitularidade, ambas as dúas partes poderán chegar a acordos en canto á súa protección e distribución de dereitos. A falta de acordo, cada unha das partes poderá solicitar a protección conxunta e ambas as dúas poderán exercer de forma independente os dereitos derivados da cotitularidade, agás a concesión de licenzas exclusivas sen compensación económica cara a outra.

Antes da finalización do presente Convenio as partes deberán elevar á Comisión de seguimento o "Anexo: Listaxe de resultados e propiedade de cada un dos proxectos" para a súa aprobación.

As partes acordan outorgar á outra parte un dereito de acceso aos seus coñecementos previos e aos coñecementos xerados por cada proxecto na medida que a outra parte os necesite para a execución da súa propia actividade neste. Ese dereito de acceso ou licenza outorgarase de forma gratuíta e só na medida necesaria para a execución dos proxectos. Poderanse adoptar acordos especiais de confidencialidade se así o creren necesario.

As partes poderán unilateralmente excluír certos coñecementos previos e coetáneos dos dereitos de acceso gratuíto antes mencionados, mediante a súa comunicación con carácter previo á outra parte no Plan de cada un dos proxectos.

Ambas as dúas partes, actuando segundo os principios da boa fe, acordan concederse, sen custo ningún, licenza para o uso dos resultados dos proxectos en posteriores actividades de investigación e desenvolvemento.

As partes resérvanse o dereito de subscribir un convenio posterior para a comercialización dos resultados obtidos nos proxectos.

Calquera das partes poderá publicar ou permitir que se publiquen datos en calquera soporte sobre os Resultados dos que sexan propietarios, sempre e cando iso non afectar á protección dos devanditos Resultados. Toda publicación ou difusión fará mención ao proxecto correspondente, así como á colaboración neste de ambas as dúas partes.

Calquera publicación prevista deberá notificarse á outra parte con 30 días de antelación. A parte que desexe oporse á publicación por considerar que a protección dos seus Resultados podería verse prexudicada, deberá facelo dentro dun prazo de 30 días a partir da recepción dos datos que estivese previsto publicar. A publicación prevista quedará en suspenso até o final deste período de consulta.

Cando non se presenten obxeccións dentro do período anteriormente mencionado, considerarase que non hai oposición á publicación. En caso de oposición á publicación, a parte afectada buscará a forma de permitir a publicación de información mediante, por exemplo, as modificacións necesarias para non pór en perigo os lexítimos intereses da parte que se opón. Esta licenza de uso limitarase aos contidos necesarios para a nova actividade investigadora e será intransmisible a terceiros. Ambas as dúas partes deberán alcanzar un acordo en canto ás condicións particulares nas que se realice este outorgamento de licenza.

A Administración resérvase a facultade de emprego das técnicas e *know-how* cedidos á Fundación no presente Convenio no mesmo ou diferente ámbito dos regulados neste Convenio.

Calquera desenvolvemento que implique melloras nos resultados derivados directamente dos proxectos que realice a Fundación estarán a disposición da Administración para o seu uso, sen custo de licenza ningún.

Neste sentido, quedarán ao abeiro do presente Convenio de colaboración todas as melloras e evolucións dos resultados que se xeren, ben con ocasión de desenvolvementos específicos para proxectos concretos, ben como necesidades derivadas da evolución dos resultados e a súa integración, producidas en calquera momento durante a vixencia do Convenio, quedando suxeitas ás condicións económicas e de protección de propiedade intelectual e industrial previstas nel.

Todos os dereitos derivados da execución deste Convenio de colaboración serán de titularidade e uso común das partes que interveñen na formalización do presente Convenio, sen que ningunha delas asuma a súa explotación ou uso exclusivo.

Para o non previsto expresamente nesta cláusula aplicaranse con carácter supletorio as normas contidas no Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e na normativa de dereito da propiedade industrial.

#### **OITAVA.- SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES**

Constituirase unha Comisión paritaria de seguimento, composta por dous representantes de ACIS e dous representantes da Fundación Galicia Sur.

A Comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

- a) O seguimento do desenvolvemento e aplicación do presente Convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos.
- b) A coordinación das accións de apoio á protección, valorización e transferencia, e o desenvolvemento dos medios adecuados para a súa implementación, de ser preciso.
- c) A resolución daquelas dúbidas que puideren xurdir no cumprimento, execución ou interpretación deste Convenio.
- d) A determinación e aprobación da distribución dos resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación.
- e) Modificación das cláusulas contidas no presente Convenio.

Esta Comisión reunirse en sesión ordinaria logo da sinatura do Convenio para determinar e validar a temporalidade dos traballos e a presentación das correspondentes memorias e pagamentos segundo o establecido na cláusula terceira. Posteriormente reunirse cunha periodicidade mínima trimestral, ou en sesión extraordinaria sempre que o requira o asunto a tratar, a solicitude de calquera das partes asinantes.

#### **NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS**

O presente Convenio ten natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto polo previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente Convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideren presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4.2 do citado texto legal.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente Convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de seguimento. As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da interpretación e o cumprimento do presente Convenio serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa,

de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **DÉCIMA.- PUBLICIDADE**

A Fundación Galicia Sur presta expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente Convenio a publicidade que establece o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

O presente Convenio está suxeito ao estrito cumprimento da normativa nacional e europea, especialmente no que se refire á contratación, publicidade e comunicación.

A sinatura deste Convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA E RESOLUCIÓN**

O presente Convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura por todo o tempo necesario para o desenvolvemento das accións relacionadas co obxecto do mesmo, resolvéndose en todo caso o 31 de decembro de 2017.

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- a) Denuncia de calquera das partes, que se instrumentará por escrito cun aviso previo mínimo de tres meses.
- b) Imposibilidade sobrevida, legal ou material, de desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- c) Incumprimento total ou parcial das cláusulas e obrigas derivadas do presente Convenio.
- d) Reestruturacións funcionais en calquera das institucións asinantes que fagan inviable o seu cumprimento.
- e) Desaparición das causas que motivaron a subscripción do Convenio.
- f) Mutuo acordo das partes.

Nos casos de resolución do Convenio, a Comisión de seguimento deberá determinar a forma de terminar as actuacións en curso afectadas.


E en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento, por duplicado exemplar e a un só efecto, no día e lugar consignados no seu encabezamento.

**Pola Axencia Galega para a Xestión do  
Coñecemento en Saúde**



**D. Jesús Vázquez Almuiña**

**Pola Fundación Galicia Sur**


**D. Félix Rubial Bernárdez**  
Fundación Biomédica  
**Galicia Sur**